

GALERÍA DE ARTE

Armas de
muller

XURDIRON do caos unhas venus paleolíticas adiposas, xeometrizaronse en época arcaica, loitaron pola busca dun canon de proporcións na época clásica, desbocándose sentimentalmente na época helenística, achátanse no Medioevo e máis tarde o gótico estilizounas. Miguel Anxo fíxoas máis atléticas, o informalismo tachounas, o cubismo partiunas; Ana Laura Aláez (Bilbao, 1964) fíxoas desaparecer.

Esta escultora presenta durante este mes na galería Trinta pezas do seu quefacer máis común como a obra 'Juego de la silla', composta a base de seis suxeitadores monumentais suspendidos no espacio no seu cosmos, xa que gravitan nunha órbita circular pero que no recordo das deusas só nos queda a presenza da súa indumentaria feminina; indumentaria introducida na vida terreal cotiá. Só a través desta vestimenta adiviñamos que unhas supostas ninfas habitan estas prendas íntimas xa que elas se difuminaron como por arte de maxia. O mesmo efecto apréciase en 'Astronautas' no que habitan homes que só intuímos.

A peculiaridade da súa obra maniféstase no emprego de materiais en certo modo inverosímiles, tales como: poliéster, la, charón, plástico... ¡Que lonxe quedaron as figuras ciceladas!

A obra de Ann Loo preséntasenos tremendamente feminina, cargada de erotismo, patente nas dúas fotografías nas que aparece a propia autora xunto a unha modelo totalmente espidas incubando burbullas. A súa obra está plenamente en consonancia coa súa forma de vestir, onde tamén combina cores fortes, tremendamente rechamantes e aderezos sensuais como os chupetes que ornan a súa cabeleira. A nosa autora na súa estadía neoyorquina, onde realizou a mostra aquí reunida, deixouse influenciar polo pop art, polos medios de comunicación americanos, os seus heroes, como queda patente en 'Batman', do cal só vémo-las súas orellas, está realizada a base de cintos de charón. A autora selecciona estes elementos tan banales, típicos da cultura de masas, porque a atraen despozándoos do seu significado.

Fátima Otero